



DE

EQUIPO DE GOBERNO:

Barcia Rodríguez, Ignacio
Blanco Pesqueira, Antonia
Costas González, Xosé Henrique
Estévez Toranzo, Margarita
Fernández Jáuregui, Manuel
García Vázquez, Xosé Manuel
Lameiras Fernández, María
Longo González, M^a Asunción
Mato de la Iglesia, Salustiano
Valeije Álvarez, M^a Inmaculada
Vilán Vilán, Xosé Antonio

DECANOS/DIRECTORES:

Alonso Carrera, Jaime
Araújo Nespereira, Pedro A.
Arias Sánchez, Pedro
Barreiro Alonso, Enrique
Cabeza Pereiro, Jaime
García Fontán, Soledad
Gutiérrez Nieto, Manuel
López Díaz, María
Pérez Rodríguez, María Rosa
Pou Saracho, Juan María
Rodríguez Berrocal, Fco. Javier
Suárez Pazos, Mercedes
Vila Alonso, Mercedes

PDI-A:

Alba Castro, José Luis
Fernández Souto, Ana Belén
González Cerdeira, Xulía
Grande Seara, Pablo
Graña Rodríguez, Ana María
Meana Martínez, Juan Carlos
Mejías Sacaluga, Ana María

PDI-B:

Diz Ferreiro, Paula

ESTUDANTES

Barreiro Rodríguez, Rocío
Comesaña González, Brais
De los Bueis Mellado, Jorge
Sánchez Gálvez, Estevo
Vázquez García, Antonio
Vázquez Vázquez, Diego

PAS:

Cebro Rodríguez, Xan
Mollinedo Lois, Carlos
Pérez Gómez, Luis

CONSELLO SOCIAL:

Calviño Rodríguez, Xulio
Martínez Gómez, César Enrique
Pérez Mato, Federico

SINDICATOS:

Díez Ferrer, José Bienvenido
Fernández Fernández, Federico

DESCULPA A SÚA AUSENCIA:

Caballero Rúa, Armando
De Lorenzo Rodríguez, Edita
Fernández Suárez, Emilio Manuel
Gil Villanueva, José María

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo, do 21 de febreiro de dous mil trece, convocada para as 9:30 horas en primeira convocatoria e ás 10:00 horas en segunda na Sala de Xuntas da Reitoría.

O día **21 de febreiro de 2013**, ás 10:05 horas, deu comezo a sesión ordinaria do Consello de Goberno co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 21 de decembro de 2012.
2. Informe do Reitor.
3. Informe sobre a elaboración do Plan de Dedicación Académica Individual (PDAI) do PDI.
4. Aprobación, se procede, da normativa de dedicación do profesorado e de recoñecemento en POD de actividades do PDI para o curso 2013/14.
5. Aprobación, se procede, da normativa para o nomeamento de profesorado emérito da Universidade de Vigo.
6. Aprobación, se procede, da convocatoria de concesión de anos sabáticos para o curso 2013/2014.
7. Aprobación, se procede, da proposta de resolución da convocatoria de promoción ao corpo de Catedráticos de Universidade do ano 2012.
8. Aprobación, se procede, dos criterios de avaliación da produción de investigación aplicables aos méritos correspondentes aos anos 2011 e 2012.
9. Informe sobre o Programa de Seguimento de Títulos Oficiais do curso 2010/11.
10. Aprobación, se procede, da convocatoria de axudas de extensión universitaria para o ano 2013.
11. Aprobación, se procede, do Regulamento de réxime interno do Departamento de Matemáticas.
12. Aprobación, se procede, da proposta dos premios extraordinarios de fin de carreira, grao e doutoramento.
13. Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: — Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad Monteávila de Venezuela* – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e o *Colegio de Ingenieros del Perú-Consejo Departamental de Huancavelica* – Convenio entre a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Vigo para colaborar nos programas de doutoramento –

Convenio de colaboración entre a Universidade de Vigo, a *Universidad de Salamanca* e a *Delft Technical University* (Países Baixos) para levar a cabo, conxuntamente, a organización e desenvolvemento das ensinanzas oficiais do programa de doutoramento Xeotecnoloxías Aplicadas á Construción, Enerxía e Industria – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad de Playa Ancha de Ciencias de la Educación* (Chile) – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad Autónoma del Estado de Hidalgo* (México) – Convenio específico de colaboración para o intercambio de estudantes entre a Universidade de Vigo e a *Universidad Autónoma del Estado de Hidalgo* (México) – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad Tecnológica Nacional, Facultad Regional Bahía Blanca* (Arxentina) – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Hochschule Bochum* (Alemaña) – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Hochschule Bochum* (Alemaña) para o intercambio de estudantes – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidade de Trás-os-Montes e Alto Douro* (Portugal) – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad de Montevideo* (Uruguai) para o intercambio de estudantes.

14. Debate e aprobación, se procede, sobre a adhesión ás propostas da Plataforma pola protección da Serra do Galifeiro.
15. Rogos e preguntas.

Punto 1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 21 de decembro de 2012.

Non hai alegacións, apróbase por asentimento.

Punto 2. Informe do Reitor.

O reitor comeza dando conta dos acontecementos máis relevantes. Comunica a preocupación da CRUE polas últimas leis orzamentarias e os seus regulamentos, por canto supoñen unha perda da autonomía universitaria; subliña que as competencias que a normativa atribúe ao ente pagador repercute na autonomía universitaria en materia de contratación de persoal, ata o punto de facela desaparecer. O efecto inmediato é que os acordos de Consello de goberno en última instancia son propostas non vinculantes fronte a facenda, que ten a palabra final en materia de contratación e é a competente para facer as autorizacións expresas en materia de persoal laboral (non só os contratados doutores, senón tamén substitutos). Reitera que neste contexto, e deixando de lado as manifestacións de rexeitamento ás reformas, só caben dúas respostas: ser sostible economicamente e non deixar ningunha físgoa no cumprimento das normas porque as consecuencias do incumprimento poden ser máis graves que as estreitezas que se poden soportar.

Neste sentido, di que a Universidade de Vigo foi pioneira en reunirse co secretario de facenda e a dirección xeral de custos, para realizar unha consulta específica sobre a marxe de manobra que teñen as universidades para convocar prazas a profesores titulares e promoción a cátedras. Igualmente, pediuse á presidenta da CRUE abrir unha liña de negociación cos ministerios de educación e facenda para propoñer marxes de modificación da lei.

Estreitamente relacionado con este tema, o reitor dá conta da resposta da Dirección xeral de custos de persoal e pensións públicas, respecto a unha consulta feita o pasado mes de decembro, no que se preguntaban distintas cuestións relativas ao cadro de persoal docente funcionario da Universidade de Vigo e a posibilidade de convocar novas prazas.

No escrito recibido, con data 28 de xaneiro de 2013, se recolle o que sigue:

Respecto á promoción de profesores titulares de universidade a catedráticos de universidade, o escrito, tras citar os artigos 60 e 62.2 da Lei orgánica 6/2001, de Universidades, conclúe que en ningún caso a convocatoria de prazas para catedráticos pode considerarse como concurso de promoción interna, dado que poden obterse por un profesor titular da mesma ou distinta universidade (previamente acreditados para o acceso ao corpo de catedráticos de universidade) ou por aspirantes que, sen pertencer ao corpo de profesores titulares de universidade, poden participar no concurso ao contar coa acreditación para o acceso a prazas de catedráticos. É isto porque para o acceso a ditas prazas requírese como requisito estar acreditado para as mesmas, sen que necesariamente se teña que ter en conta, con carácter previo, a condición de funcionario do corpo de profesores titulares de universidade.

A resposta da Dirección xeral de custos de persoal e pensións públicas sinala expresamente que “o feito de que un elevado porcentaxe de prazas que se convocan, sexan cubertas por profesores da mesma universidade, débese, en todo caso, a que os méritos presentados por estes profesores para ditas prazas son os que obtiveron a maior puntuación, dado que se ese non fora o caso, estaríase incumprindo o principio, de carácter xeral, de acceso mediante libre concorrència, mérito e capacidade”. Neste mesmo apartado se recolle que: “tendo en conta as consideracións realizadas, as prazas que se convocan para acceso aos corpos de catedráticos de universidade deben computar, necesariamente, como prazas de Oferta de Emprego Público, no correspondente corpo”.

O reitor informa que tamén se preguntou sobre distintas posibilidades de contabilizar as prazas derivadas de procesos de promoción fóra da taxa de reposición do 10%. A resposta da Dirección xeral de custos de persoal e pensións públicas é que, de acordo coas consideracións anteriores, todas as cuestións presentadas deben ser resoltas en sentido negativo, toda vez que parten do suposto de que se considere os accesos a que se refiren como promoción interna, cuestión que, como se indicou, non resulta posible de acordo coa Lei orgánica de universidades.

Continúa dicindo que respecto á promoción de profesores contratados doutores ao corpo de titulares de universidade, a resposta foi que deben darse por reproducidos os argumentos expostos no apartado anterior, xa que, en ningún caso, debe considerarse como promoción interna o acceso ao corpo de profesores titulares de universidade desde a situación de contratado doutor, ao poder concorrer tamén, a ditas prazas, todos aqueles que estean acreditados para profesor titular e, polo tanto, os axudantes doutores, profesores titulares de outras universidades, ou da mesma, e demais aspirantes que, sen reunir as condicións anteriores, contén coa acreditación para acceder ao corpo de profesores titulares de universidade. funcionario que xa estaba como tal na propia universidade: xa que non se pode considerar promoción interna non procede este cómputo.

Ao exposto, engade o reitor que é preciso pedir autorizacións ata para os contratos laborais por substitución. Neste sentido, cita escrito da Consellería de Facenda, de data de 7 de

febreiro de 2013, sobre o procedemento de autorización de contratos de substitución; nel establécese un procedemento para calquera substitución debida a causas urxentes e inaprazables. A universidade debe cubrir un modelo e envialo á Secretaría Xeral de Universidades, onde se valorará a xustificación da contratación. Só no caso de que esta Secretaría Xeral de Universidades considere a solicitude urxente e inaprazable remitirá a mesma á Dir. Xeral de Planificación e Orzamentos, que analizará o custe económico e decidirá se a concede. Engade o reitor que a nosa universidade non terá problemas pola parte económica, pero na parte académica non podemos deixar lagoas, xa hai problemáticas específicas nas propias universidades galegas; sinala que debemos anticiparnos aplicando as leis.

O reitor continúa dicindo que o pasado venres fíxose público na web do Ministerio de Educación o informe da comisión de expertos para a reforma do sistema universitario español. Neste documento inclúense algunhas consideracións de gran calado que non podemos aceptar. Concretamente, fórmulase unha modificación do modelo de goberno das universidades que perde carácter democrático e de representación, en especial do sector de estudantes. Ademais, o informe recomenda cambios nos procesos de acreditación que levarían, de novo, a un sistema similar ao de habilitación. O reitor sinala que se iniciará un proceso de debate que anuncia a secretaria xeral de universidades; faranse alegacións a este informe; daremos conta no Consello de Goberno e ao resto da comunidade universitaria. Ao seu xuízo, o modelo de gobernanza que propón é absolutamente inaceptable.

Respecto ao último Consello Galego de Universidade, di que o máis relevante é a aprobación da Normativa de permanencia, polo que só queda o trámite do Consello Social, trala audiencia dos representantes dos estudantes no Claustro.

Sinala, que en todo isto hai unha noticia para celebrar: a axencia galega de innovación acepta a proposta do reitor sobre que as universidades galegas participen no desenvolvemento do Ris 3 (*Research and Innovation Smart Specialisation Strategy – Estrategia de Especialización Inteligente en Investigación e Innovación*), que é onde se desenvolven ás liñas de especialización que Galicia pedirá a Europa para o período 2014/2020. Para suxerir liñas de traballo, haberá un representante de cada universidade galega.

En relación a súa viaxe a Bruxelas, con motivo da inauguración exposición Campus do Mar, resalta a cálida acollida por parte dos distintos representantes do Parlamento Europeo e da Comisión Europea á delegación da Universidade de Vigo. Comenta que aproveitou a viaxe para contactar con áreas específicas da Comisión Europea e para coñecer accións específicas que afectan a intereses estratéxicos da Universidade, o que nos permitirá presentar programas de carácter transversal. Así mesmo, entre as personalidades coas que mantivo entrevistas, entre outras, cita a José Manuel Silva (Dir. Xeral de Agricultura); Luís Corvo (DG Mare); José Antonio Ruíz de Casas (DG Regio); María González Encinar, Dir.^a do Instituto Cervantes; Pablo Amor, Dir. da Axencia Executiva do Consello Europeo de Investigación (ERCEA) e Dimitri Curpakis, alto cargo da Dir. Xeral de Investigación e Innovación da Comisión Europea.

Punto 3. Informe sobre a elaboración do Plan de Dedicación Académica Individual (PDAI) do PDI.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Organización Académica, Profesorado e Titulacións, quen informa que no artigo 2 do Regulamento de Profesorado da Universidade de Vigo, aprobado no Claustro de 24 de xullo de 2012, describíense as compoñentes da actividade académica realizadas polo persoal docente e investigador ao longo da xornada laboral. Di que, concretamente, establécese que *a actividade académica do PDI, segundo lle corresponda pola súa categoría, comprende a realización de funcións docentes, de investigación, de innovación, de transferencia e de divulgación do coñecemento, así como complementariamente de goberno, dirección, representación e xestión*. Igualmente, lembra que no apartado 4 establécese que *para o PDI a tempo completo con plena capacidade investigadora e docente, haberá, en xeral, un equilibrio entre o tempo dedicado á actividade de investigación, innovación e transferencia e o tempo dedicado á actividade docente. Non obstante, poderán existir criterios de intensificación da actividade do profesorado en tarefas investigadoras ou docentes, derivados da lexislación vixente e das normas de aplicación que poida establecer o Consello de Goberno*.

Indica, que a dedicación total do PDI establécese, como punto de partida, en 1664 horas anuais que, en xeral, distribúense de xeito equilibrado entre os docentes e os investigadores.

A vicerreitora di que a actividade académica anual de cada membro do PDI quedará reflectida no seu Plan de Dedicación Académica Individual (PDAI); e que para tal fin, a Universidade establecerá as normas para o recoñecemento das actividades do PDI dentro dos compoñentes anteriormente definidos.

Destaca, que a implantación do PDAI é un proceso novo e complexo, que requirirá da xeración dos procedementos que permitan establecer as evidencias das actividades exercidas e a equivalencia en horas estimadas de carga de traballo. Di que a finais do curso se levará unha normativa piloto depurada e mellorada, tanto desde o punto técnico como desde os termos en que temos que implantala. Finalmente, expón a título de exemplo algunhas actividades que poderán ser obxecto de rexistro e recoñecemento.

Ábrese unha quenda de intervencións.

Intervén o Prof. Bienvenido Diez para dicir que o procedemento presentado non reflicte a actividade docente e investigadora real do PDI da Universidade da Uvigo; que non lle parece adecuado como instrumento para dignificar o traballo realizado por este colectivo, tal e como se reclamou polos representantes sindicais en anteriores reunións do Consello de Goberno. Discrepa de que a dedicación total se estableza nas 1664 horas, xa que non é indicativo de todo o traballo e esforzo do PDI, xa que a dedicación real excede desas horas.

Intervén o reitor para dicir que a idea que preside a elaboración dunha normativa piloto é recoñecer e dignificar o traballo do PDI, que a idea non é poñer un teito de 1664 horas; que non é un modelo encapsulado, xa que se trata dunha experiencia piloto que permita realizar un rexistro para dignificar e visibilizar o número e a variedade de actividades do PDI.

Intervén o Prof. Bienvenido Diez, di que insta á separación entre o recoñecemento da dedicación real do PDI da aplicación da normativa que se está elaborando, cuxo obxectivo é cumprir con obxectivos económicos que pouco teñen que ver co recoñecemento de actividades académicas.

Intervén o Prof. Jaime Cabeza, quen di que o informe vale como documentación de traballo, pero que non foi consultado co seu grupo nin se lle pediu opinión. Expón, que aínda que comparte a finalidade, discrepa da técnica empregada; considera que se debe xustificar unha xornada, pero non en función de cómputo de tempo, senón de produtividade, pola contra, o documento piloto presentado vai dirixido a xustificar as horas.

A vicerreitora agradece as propostas e di que todas as ideas serán benvidas na redacción do documento.

Punto 4. Aprobación, se procede, da Normativa de dedicación do profesorado e de recoñecemento en POD de actividades do PDI para o curso 2013/14.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Organización Académica, Profesorado e Titulacións, quen informa que o documento que se presenta é coherente co disposto no Regulamento de profesorado; que establece a posibilidade de fixar criterios de intensificación investigadora ou intensificación docente. Ao mesmo tempo, trátase de adaptar ao novo marco legal do Real decreto-lei 14/2012, a obriga de contemplar no POD criterios de intensificación investigadora ou docente en función do número de sexenios de investigación recoñecidos. Di que a normativa presentada contén achegas realizadas nos distintos foros onde se presentou o documento.

Informa que, respecto ao documento inicial, se realizaron unhas modificacións de última hora na COAP, das que dará conta posteriormente.

Comeza por expoñer os aspectos máis destacados relativos á dedicación do profesorado. Di que a actividade docente básica (ADB) para o profesorado a tempo completo é de 240 horas. Sinala como afectan a esta dedicación os criterios de intensificación, determinados pola aplicación do Real decreto-lei 14/2012. Expón as excepcións a este cómputo da ADB: por idade; por desempeño de cargos académicos de “especial relevancia”, citados no apartado 2.5 da norma; e pola traxectoria académica.

A continuación vai expoñendo os distintos tipos de recoñecemento de actividades do PDI nos seus distintos apartados. Destaca que, con respecto a anos anteriores, hai un apartado novo que é o recoñecemento de actividades ligadas á xestión de calidade dos centros (fala dos indicadores que se terán en conta). Continúa cos recoñecementos asignados, como apoio individual á actividade docente e o recoñecemento por máster e por programas de doutoramento.

Respecto dos recoñecementos por cargos de xestión, sinala que é preciso revisar de forma máis repousada a normativa de recoñecementos de cargos de xestión, pois os vicedecanos e subdirectores cada vez acumulan máis tarefas.

Fai referencia aos límites de recoñecementos asignados. Finalmente, di que se recibiron numerosas propostas e emendas individuais xunto ás colectivas ou sindicais nas mesas de negociación.

Que na COAP, do 19 de febreiro, se aprobou a normativa coas seguintes modificacións con respecto ao texto inicial: a) incremento da bolsa de horas ligadas á xestión da

calidade nos centros; b) novo apartado referente á organización dos traballos fin de grao; c) no modelo proporcional de recoñecemento por cargos de xestión, non aplicar a redución do recoñecemento aos cargos con intensificación investigadora; d) matizar os límites obtidos por acumulación de recoñecementos para os cargos que figuran na zona sombreada da páxina 10.

Ábrese unha rolda de intervencións.

Intervén o Prof. Bienvenido Diez, quen dá lectura a un comunicado a solicitude dos comités de empresa do PDI laboral de Ourense e Pontevedra e a plataforma de profesores asociados (**Anexo I**).

Tamén fai referencia a un escrito entregado no rexistro e que está asinado polas centrais sindicais UGT, CCOO e CSIF, no que se solicitaba a retirada do punto e que se volva a reunir a Mesa de negociación do PDI.

A vicerreitora responde que o documento foi presentado e discutido en tres sesións da Mesa do PDI; que alí quedou claro que non se podían incluír todas as achegas individuais; que se incluíron numerosas alegacións; que no que se refire aos datos do impacto laboral da normativa non se poden saber con certeza ata a elaboración do POD. Polo demais, os recoñecementos contemplados na normativa que se presenta mitigan os impactos e efectos do decreto e melloran claramente o documento de partida.

Intervén o Prof. Jaime Cabeza dicindo que se suma á petición de retirada do punto da orde do día, pois comparte o punto de vista dos representantes do PDI; xa que ademais se descoñece o efecto do documento na contratación laboral. Di que se pode dar un pequeno paso de recoñecer o cómputo do crédito a 9,75 horas a conta de determinados recoñecementos; que non comparte o recoñecemento por docencia en posgrao e a forma do cómputo dos máster con repercusión en POD; tamén discrepa dos recoñecementos asignados por cargos de xestión. Anuncia que votará en contra e pide que se consulte co seu grupo.

A vicerreitora responde aclarando diversos aspectos da repercusión en POD da docencia en posgrao.

Intervén o Prof. Manuel Gutiérrez dicindo que a normativa mellora considerablemente a anterior, tendo en conta a situación económica pola que atravesamos a universidade pública; no entanto, pensa que pode ser mellorada en certos aspectos, como os recoñecementos para os equipos decanais. Pide que conste en acta a súa intervención completa (**Anexo II**). Anuncia que se absterá na votación.

Intervén o Prof. Pablo Grande para informar que onte se entregou por rexistro un escrito asinado polos directores/as e decanos/as dos cinco departamentos e centros xurídicos da Universidade de Vigo, no que mostran as súas discrepancias coa normativa presentada. Di que comparte o contido do escrito, polo que anuncia o seu voto en branco.

Intervén de novo o Prof. Bienvenido Diez para reiterar a solicitude de retirada do punto e máis tempo para negociar por mor da relevancia do asunto, para así dar a oportunidade de chegar a un acordo na Mesa de negociación.

Intervén o reitor para dicir que a presentación da nova normativa, non supón unha política institucional que responda a un seguidismo cego de políticas estatais que, persoalmente, non comparte; pero, cae dentro da súa responsabilidade institucional aplicar as normas e é esta mesma responsabilidade a que o obriga a tomar a decisión reflexionada de non practicar políticas académicas que seguen outras universidades, as cales poden poñer en risco o traballo e esforzo desempeñado por toda a comunidade universitaria da Uvigo. Como anunciou no seu informe inicial, no actual escenario, a competencia para autorizar novos contratos en todas as súas modalidades - contratados doutores, asociados e ata substitucións - recaen na Xunta de Galicia. Sendo así, non pode quedar ningunha físgoa na aplicación de normas que poden influír na contratación de novos profesores. As lexítimas manifestacións de reivindicación política non poden poñer en risco o proceso de consolidación de futuras contratacións. Indica, que non se pode confundir a aplicación das normas coas necesidades de contratación profesorado temporal en función cos picos de variabilidade docente. Di que se fixo o esforzo da negociación e que é desexable que o documento evolucione moito máis.

Procédese á realizar a votación:

Votos a favor: 27

Votos en contra: 5

Abstencións: 8

Apróbase a Normativa de dedicación do profesorado e de recoñecemento en POD de actividades do PDI para o curso 2013/14 (**Anexo III**).

Punto 5. Aprobación, se procede, da Normativa para o nomeamento de profesorado emérito da Universidade de Vigo.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Organización Académica, Titulacións e Profesorado, quen informa que o art. 94 dos Estatutos da Universidade de Vigo establece que a Universidade de Vigo poderá nomear profesorado emérito entre profesorado xubilado que prestase destacados servizos docentes e investigadores á Universidade. Informa que o Regulamento de Profesorado da Universidade de Vigo, aprobado no Claustro de 24 de xullo de 2012, indica que a contratación de profesorado emérito será acordada polo Consello de Goberno a proposta do departamento ao que pertence o profesor ou profesora. Ademais, se recolle que o Consello de Goberno, será competente para aprobar unha normativa onde se recollan as condicións de acceso á figura de profesorado emérito, a retribución, os termos da súa colaboración docente e investigadora máis a súa duración.

A vicerreitora informa que o documento enviado coa convocatoria da orde do día foi revisado na última COAP, introducindo algúns cambios antes da súa aprobación. Le as propostas de modificación de redacción, que afectan ao art. 2 apdo. f) relativo ás condicións de acceso:

f) Ter concedidos pola CNEAI seis sexenios ou cumprir dúas das seguintes condicións:

f.1) Ter concedidos pola CNEAI catro sexenios.

f.2) Acreditar 12 exercicios de dirección, xa sexa de teses de doutoramento ou de proxectos competitivos de investigación financiados con fondos públicos alleos á Universidade de Vigo (6 exercicios de dirección se o número de sexenios é de cinco).

f.3) Ter desempeñados cargos académicos equiparables aos que permitirían acadar 6 puntos no baremo establecido pola ACSUG() na avaliación dos complementos autonómicos por cargos de xestión (3 puntos se o número de sexenios é de cinco).*

()DOG 15 de novembro de 2012*

Ábrese unha rolda de intervencións.

Intervén o Prof. F. J Rodríguez Berrocal para solicitar que a nova documentación sexa presentada con antelación á celebración da sesión do Consello de Goberno.

Intervén o Prof. Bienvenido Diez para sinalar que o escrito asinado polas centrais sindicais UGT, CCOO e CSIF solicitaba a retirada do punto da orde do día por non ser negociada na Mesa de PDI.

Intervén o Porf. Jaime Cabeza para dicir que lle parece importante a aprobación desta normativa; que ao seu entender se podería simplificar máis o documento e non dar tanto peso ao consello de departamento para aprobar a proposta de nomeamento; opina que sería suficiente un informe preceptivo.

Responde a vicerreitora que a participación do departamento está xustificada, porque as actividades do emérito están vinculadas ao departamento de orixe e que, en todo caso, a que se presenta recolle o establecido no Regulamento de Profesorado. Di que se propondrá unha reforma puntual do Regulamento de Profesorado no próximo Claustro.

Apróbase por asentimento a Normativa para o nomeamento de profesorado emérito da Universidade de Vigo (**Anexo IV**).

Punto 6. Aprobación, se procede, da convocatoria de concesión de anos sabáticos para o curso 2013/2014.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Organización Académica, Profesorado e Titulacións, quen manifesta que segundo dispón o artigo 88.3 dos Estatutos: *Para facilitar o acceso ao ano sabático do profesorado con dedicación a tempo completo, o orzamento anual da universidade fará previsión dos fondos que permitan financiar o goce deste dereito.* Informa, que para poñer en marcha a convocatoria de concesión de anos sabáticos para o curso 2013/2014, dispórase dun orzamento de 60000 euros, que permitirán contratar, cando sexa necesario, profesorado asociado na área correspondente.

A continuación expón: os requisitos que, segundo a normativa, deben reunir os solicitantes; como se realizará o proceso de avaliación; e o prazo de presentación de solicitudes, que finaliza o día 14 de marzo de 2013. Finaliza solicitando a súa aprobación polo Consello de Goberno.

Ábrese unha quenda de intervencións.

Intervén o Prof. F. J Rodríguez Berrocal para dicir que está de acordo coa normativa e a convocatoria que recolle, no entanto chámalle a atención que quede á competencia da COAP a aprobación dos criterios de puntuación de cada un dos apartados.

A vicerreitora indica que os criterios son os mesmos que os do curso anterior e que se fan públicos coa convocatoria.

Apróbase por asentimento a convocatoria de concesión de anos sabáticos para o curso 2013/2014 (**Anexo V**).

Punto 7. Aprobación, se procede, da proposta de resolución da convocatoria de promoción ao corpo de Catedráticos de Universidade do ano 2012.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Organización Académica, Profesorado e Titulacións, quen comeza expoñendo que no apartado 3 da convocatoria de promoción ao corpo de Catedráticos de Universidade do ano 2012, aprobada no Consello de Goberno de 24 de maio de 2012, establecíanse os criterios de priorización de áreas e solicitantes. Establécese na convocatoria un dobre criterio: pola composición do cadro de persoal da área do solicitante e por méritos. De cada tres prazas convocadas, asignaranse inicialmente, polo menos, dúas prazas polo criterio de cadro de persoal. Informa, que na sesión da COAP de 20 de xullo de 2012, aprobouse a proposta de resolución da convocatoria de promoción ao corpo de catedráticos de universidade do ano 2012. Das 21 prazas convocadas, foron seleccionadas 14 áreas por criterio de cadro de persoal e 7 prazas en función só dos méritos dos solicitantes (criterio de méritos).

A vicerreitora solicita que se ratifique o acordo tomado pola COAP, de 20 de xullo de 2012, sobre a proposta de resolución da convocatoria de promoción ao corpo de catedráticos de universidade do ano 2012. É dicir, solicítase que se ratifique a proposta de selección de áreas realizada pola COAP. As áreas seleccionadas son as que se recollen no documento do **Anexo VI**.

Intervén o Prof. Fco. Javier Rodríguez Berrocal para preguntar como será o proceso de priorización das prazas.

Responde a vicerreitora que haberá que decidir en que tipo de prazas se utilizan as que corresponden por taxa de reposición.

Apróbase por asentimento a proposta da COAP, de 20 de xullo de 2012, relativa á convocatoria de promoción ao corpo de Catedráticos de Universidade do ano 2012.

Punto 8. Aprobación, se procede, dos criterios de avaliación da produción de investigación aplicables aos méritos correspondentes aos anos 2011 e 2012.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Investigación, quen comeza dicindo que a investigación é un dos elementos crave da actividade da Universidade; que a utilización de métodos adecuados de avaliación, constitúen unha ferramenta para a súa incentivación e definición e fortalecemento das liñas estratéxicas da institución. Di que é importante ter en conta

aspectos contemplados nos indicadores autonómicos, nacionais e internacionais de I+D+i, como son:

- Relevancia das actividades de transferencia do coñecemento en todos os ámbitos.
- Interese da internacionalización da investigación e o desenvolvemento de liñas de traballo multidisciplinares.
- Aplicación de criterios de calidade e excelencia para mellorar a competitividade da universidade.

A vicerreitora destaca, que o sistema de avaliación suscitado na Universidade de Vigo baséase en dous tipos de indicadores, complementarios entre si: a produción de investigación e a produción de transferencia. Sinala, que os criterios de avaliación da produción de investigación que hoxe se presentan, serán aplicables aos méritos correspondentes aos anos 2011 e 2012. A continuación indica os aspectos máis relevantes, con especial énfase nos cambios con respecto aos criterios de valoración utilizados na última edición, aplicada aos méritos dos anos 2009 e 2010. Menciona, que os cambios introducidos teñen como obxectivo principal clarificar os criterios de avaliación, simplificar e axilizar o proceso, e empregar, sempre que sexa posible, ferramentas e bases de datos externas e aceptadas na comunidade investigadora.

- Suscítase a avaliación de 4 tipos de contribucións: libros, revistas, teses de doutoramento e publicacións derivadas de congresos.
- No apartado de libros, elimínanse as marxes na puntuación e establécense puntuacións fixas para as publicacións en editoriais de ámbito internacional, estatal e autonómico, con varias subcategorías en cada caso. Suscitarase un procedemento para a categorización das editoriais por parte da Comisión de Investigación.
- No apartado de revistas, mantéñense os tipos de contribución (autoría de artigos, participación en comités editoriais e ou labor de revisión de artigos). Séguese utilizando unha categorización de revistas en tipos A, B, C e D, con 4 subcategorías no tipo A; pero defínense estas categorías en función de bases de datos externas, e que empregan criterios de clasificación obxectivos, concretamente o JCR e a Clasificación Integrada de Revistas Científicas (CIRC). Esta última é moi interesante, pois integra diversas bases de datos de revistas, tanto nacionais como internacionais, de todos os ámbitos de coñecemento, e a súa utilización foi demandada no pasado por investigadores desta Universidade.
- No apartado de Tese de doutoramento, non se suscitan cambios significativos.
- Para rematar, no relativo ás publicacións derivadas de congresos, propóñense os mesmos criterios de valoración que na edición anterior, aínda que no documento defínense mellor os ítems valorados.

Para rematar, a vicerreitora sinala que no que respecta ao procedemento de avaliación, e co obxectivo de máxima simplificación e axilización, suscítase a simplificación da documentación que é necesario aportar, con especial referencia aos formatos dixitais. Ademais,

os criterios orientáanse á valoración automática de todos os méritos e establécese que non será necesario que os departamentos envíen á vicerreitoría a documentación acreditativa. Establecerase un procedemento de comprobación por mostraxe dos méritos rexistrados, prevendo un sistema de penalizacións que será aplicado só en caso de detectarse méritos non avaliábeis ou sen xustificación.

Ábrese unha quenda de intervencións:

Intervén o Prof. Jaime Cabeza, quen indica que o seu grupo considera adecuados os criterios propostos e propón que, adicionalmente, se valore, no apartado de *Publicacións derivadas de congresos*, as contribucións expresamente premiadas polo comité organizador ou científico do congreso coa mesma puntuación que os relatorios plenarios ou por invitación.

Responde a vicerreitora de Investigación que a modificación parécelle adecuada, se o Consello de Goberno está de acordo.

Intervén o Prof. Rodríguez Berrocal, quen agradece o traballo feito e fai unha valoración positiva dos criterios presentados, con especial énfase na asunción de responsabilidades por parte dos departamentos no proceso de avaliación. Propón que se precise, cando se indican os posibles solicitantes de avaliación, que os estudantes de doutoramento deban estar integrados nun grupo de investigación da Universidade de Vigo.

A vicerreitora de Investigación manifesta o seu acordo con esta puntualización.

Adicionalmente, o Prof. Rodríguez Berrocal manifesta a importancia de que se resolvan canto antes as reclamacións da Produción de Investigación 2009-2010; que se efectúe un adianto da Produción de Investigación 2011-2012 e que se axilice ao máximo a valoración desta última. Fai tamén o argumento extensible á Produción de Transferencia. A vicerreitora de Investigación responde que tanto a resolución das reclamacións como o adianto ao que se refire son inminentes, e que os criterios de avaliación para 2011-2012 teñen como unha das súas prioridades facilitar o proceso para a súa áxil resolución.

Intervén a Profa. Paula Diz, quen resalta o interese de que se remarque a valoración positiva das publicacións de artigos en *Nature* e *Science*, en comparación coas revistas de tipo A1.

Intervén o reitor para indicar que se contemplan outros mecanismos de incentivación deste tipo de publicacións, separadamente da valoración contemplada no marco da Produción de Investigación.

Intervén a vicerreitora de Investigación para engadir que, nesta liña de incentivación, se introduciu como aspecto novidoso nos criterios de avaliación que se sometan a aprobación a consideración de notas breves nestas revistas ao mesmo nivel que os artigos completos.

Apróbanse por asentimento os criterios de avaliación da produción de investigación aplicables aos méritos correspondentes aos anos 2011 e 2012 (**Anexo VII**).

Punto 9. Informe sobre o Programa de Seguimento de Títulos Oficiais do curso 2010/11.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Alumnado, Docencia e Calidade, quen comeza por comentar o seu malestar pola aparición na prensa, a mediados de decembro, dalgunhas informacións sobre o resultado da avaliación dos informes de seguimento das titulacións de grao e máster, correspondentes ao curso 2010/11, que fixo a ACSUG.

Expón, que a partir de que a axencia fixese públicos no seu web os seus informes de seguimento das titulacións, a prensa publicou algunhas informacións nas que se facía unha lectura bastante equívoca da valoración que aparecía nos devanditos informes. Aínda que entón as universidades xa coñeciamos os informes da avaliación da ACSUG, da súa publicación na web decatámonos coa aparición deses artigos.

Sinala que, aínda que por comparación coas universidades de Santiago e Coruña a nosa non saía mal parada nas análises que se fixeron nos medios, a verdade é que a súa tendenciosidade, e as conclusións catastrofistas sobre a marcha das titulacións, non sentou nada ben, sobre todo aos responsables directos das titulacións que traballaran moito e ben.

Que, a súa primeira reacción como responsable dos procesos de calidade docente, foi poñerse en contacto co director de ACSUG para expresarlle o seguinte:

- Primeiro, o malestar que causaran as noticias aparecidas, que facían unha análise erróneo dos informes publicados; elevándoos á categoría de avaliación xeral da calidade das titulacións e, por extensión, da universidade.
- Que as previsibles consecuencias, ente outras, podían ser, desde o punto de vista interno, a desmotivación de todos os implicados no seguimento e, cara a fóra, o deterioro da imaxe pública da universidade nun momento político que, a verdade, facía sospeitosa a aparición desa información e como aparecera.
- Por outra banda, que a propia ACSUG quedaba prexudicada, pois segundo se desprendía do publicado, aparecía como un instrumento da Xunta para o control das universidades, máis que como un organismo que debe ser independente para cumprir con rigor e fiabilidade a súa misión.
- E que, loxicamente, sen entrar en ningún xuízo de intencións, todo este asunto era provocado polo xeito descontextualizada en que a ACSUG publicara os seus informes.
- Que no seguimento, o mesmo que noutros procesos de calidade, nas universidades estase facendo un esforzo moi grande de autoanálise, de procura de mellora continua, de transparencia e de rendición de contas que hai que ser quen de transmitir e de facer valorar.

Informa que similares argumentos foron expresados publicamente no Consello de Dirección da ACSUG, celebrado uns días despois o 21 de decembro, e en termos parecidos fíxoo o vicerreitor da Universidade de Coruña. Que se fixo unha crítica á política de comunicación da Axencia, pois é, cando menos, un pouco inocente, publicando de xeito cru uns informes que

teñen que ver co seguimento, crer que un xornalista vai saber interpretalos, coma se soubese que é o seguimento, que é a acreditación, quen e sobre que se fan os informes etc.

Continúa dicindo, que por parte da dirección de ACSUG o que se veu a dicir é que a axencia ten a obriga de publicar todos os informes, o que é certo e ademais está moi ben. Quedouse en que se acordaría coas universidades a forma en que se publicarán os próximos informes de seguimento, e que se mantería unha comunicación máis fluída coas universidades. Como consecuencia de todo aquilo a ACSUG, como probablemente saben, convocou unha roda de prensa para aclarar ante os medios e paliar no posible as consecuencias do ocorrido.

Expón, que o pasado 22 de xaneiro xa houbo unha reunión cos vicerreitores de calidade das tres universidades, onde se empezou a tratar esta cuestión máis en detalle; víronse outros problemas que houbo co proceso de seguimento de titulacións (o atraso na emisión dalgúns informes; a falta de consideración das alegacións presentadas polas universidades; as diferenzas de criterio que se percibían entre informes etc.); e tratouse sobre como se vai abordar a avaliación dos informes do 11/12 que foron remitidos o pasado decembro á axencia.

O vicerreitor de Alumnado, Docencia e Calidade opina que quizais se podería ter informado antes sobre este tema, polo menos dende que en novembro se recibiron os últimos informes de avaliación (ámbito científico), non o fixemos, pois estabamos á espera de que ACSUG, como é preceptivo, emitise o seu informe global definitivo sobre os resultados do proceso de seguimento para dalo oficialmente por rematado. Di que ante os acontecementos que relatou e de que a ACSUG, polas noticias que temos, parece non ter ningunha présa en publicar ese informe final, pasa a informar ao Consello de Goberno sobre o proceso e os resultados do seguimento de titulacións na Universidade de Vigo. Señala, que proximamente se publicará un informe máis detallado na web da Área de Apoio a Docencia e Calidade.

O vicerreitor comeza por recordar as fases e calendario do proceso de seguimento de titulacións, de acordo ás directrices que no seu día aprobou este Consello de Goberno:

Continua decidindo que trala recolleita de datos, a análise e redacción dos autoinformes provisionais, os centros enviáronnos para a súa revisión técnica pola Área de Apoio á Docencia e Calidade ata o 30 de setembro. Di que unha vez feita a revisión técnica os centros aproban e envían os informes definitivos para a súa remisión oficial a ACSUG a finais de outubro, e iníciase o proceso de avaliación externa por parte de ACSUG e interna daqueles títulos que non avalía a axencia.

Di que enviáronse á ACSUG un total de 103 informes de seguimento do total de 118 impartidos na Uvigo, xa que o resto non son coordinados pola nosa universidade.

Polas distintas comisións de rama de ACSUG foron avaliados 68 títulos. En principio a axencia só ía a avaliar os informes dos títulos que tiñan a acreditación en portas, as universidades pedímoslles que avaliaran máis informes, isto foi a iniciativa da Uvigo, pois pensabamos que era conveniente que polo menos se avaliara pola axencia un informe dun grao por centro.

Segundo prevén as “Directrices xerais para o seguimento de títulos oficiais de grao e máster da Universidade de Vigo”

Realízase unha revisión interna dos informes anuais de seguimento non avaliados pola ACSUG, que afectan a un total de 37 titulacións. O obxectivo desta avaliación é axudar no proceso de mellora continua das titulacións na Universidade de Vigo. Esta avaliación interna realízase por comisións de avaliadores da propia universidade seguindo os mesmos criterios e protocolos de avaliación utilizados pola ACSUG que veñen ser os de CURSA “*Comisión Universitaria Reguladora del Seguimiento y la Acreditación*”.

O seguimento contempla a información pública da titulación e a valoración do cumprimento da memoria de verificación. Resumindo, segundo este protocolo:

No informe de avaliación deberá constar o resultado do proceso de seguimento, en forma de conforme ou non conforme e a motivación do mesmo.

O resultado será “conforme” cando, polo menos, o sexan os criterios 1, 3, 4, 5, 6, 8 e 9 analizados considerando:

- Por unha banda a información pública dispoñible:
 - Información pertinente e relevante do título para os estudantes e a sociedade en xeral.
 - Información derivada da valoración da aplicación do Sistema de Garantía de Calidade (SGIC).
 - Información referida a un núcleo de indicadores. (taxas de rendemento, abandono, eficiencia e gradación).
- Por outra banda, considerando a valoración realizada nos seus informes pola universidade (a análise efectuada, as propostas de mellora ante as deficiencias detectadas e as boas prácticas apuntadas).

Pola contra, se algún destes criterios é “non conforme” o resultado global da avaliación do informe de seguimento será “non conforme”.

É dicir, se analizada a información pública dispoñible e o autoinforme do seguimento presentado pola universidade, no que se inclúen análise de cada criterio, taxas, propostas de mellora e boas prácticas, é “non conforme” nalgún dos criterios marcados en vermello, o informe é “non conforme”.

Tralo proceso de alegacións aos informes provisionais, o resultado da valoración dos informes de avaliación definitivos é o seguinte.

Dos 68 informes de seguimento avaliados polas comisións de ACSUG, obtiveron a cualificación de “conforme” 27 e de “non conforme” 41.

Dos informes que foron sometidos a avaliación por comisións da Uvigo obtiveron a cualificación de “conforme” 14 e de “non conforme” 23.

De forma máis detallada:

Dos informes de graos avaliados pola ACSUG, 13 obteñen a cualificación de “conforme” e 8 a de “non conforme”. No caso dos informes avaliados internamente son 7 os “conforme” e 13 os “non conforme”.

No que se refire aos informes de máster avaliados por ACSUG, hai 14 “conforme” e 33 “non conforme”, e dos avaliados internamente hai 7 “conforme” e 10 “non conforme”.

O vicerreitor di que en total a avaliación dos informes de seguimento dos graos é “conforme” en 20 casos e “non conforme” en 21. E nos informes de titulacións de máster 21 son “conforme” e 43 “non conforme”. Expón que non vai entrar nunha análise moi pormenorizada das causas destes resultados, remíttolles o informe, que se publicará proximamente, onde se recompilarán ordenadamente tanto as deficiencias detectadas, como as propostas de mellora e as boas prácticas. En todo caso, resalta algúns dos aspectos significativos que se sinalaban nos informes de avaliación que poden afectar ao título, ao centro ou a outros ámbitos da universidade:

- Primeiro, deficiencias no xeito en que a información pública se presentaba, a falta de accesibilidade (nalgúns casos remitíase sistematicamente á memoria de verificación do título, que non é un documento fácil para, por exemplo, un estudante que quere acceder a unha titulación).
- Ausencia de información detallada dispoñible sobre o profesorado que imparte o título.
- A falta de desenvolvemento na implantación dos SGIC, dos PAT ou de mecanismos de coordinación docente.

O vicerreitor di que en moitos casos as deficiencias detectadas refírense á propia calidade dos informes, ou da realización adecuada do seguimento.

- A ausencia de propostas de mellora ante deficiencias ou puntos débiles detectados.
- Ou a escaseza da análise dalgúns aspectos (en ocasións repetíase mimeticamente o xa recollido na memoria de verificación sen aportar análise).
- En moitos casos presentábanse como boas prácticas accións que son de obrigação para o funcionamento do título ou esixencias do SGIC.

Os informes recollen algunhas cuestións institucionais como a ausencia de normativa de permanencia adaptada aos novos títulos, ou a falta de publicación dos plans de estudo en BOE.

O vicerreitor de Alumnado, Docencia e Calidade di que se está a referir a uns informes do curso 2010/11, polo que o esforzo que se fixo na implantación das titulacións, dos sistemas de garantía de calidade, dos plans de acción tutorial e na adecuación da información pública, fai que a situación mellore substancialmente, isto xa se puido apreciar na revisión técnica dos recentes informes correspondentes ao curso 11/12.

Sobre estes últimos informes o vicerreitor adianta que a ACSUG avaliará un total de 34 títulos e o resto serán avaliados internamente. Que o calendario previsto adiantarase sobre o do seguimento do 2011, segundo se informou, polo que os informes de avaliación finais estarán cara a abril-maio. Se isto é así, na súa opinión, mellorará a realización do próximo seguimento, pois se dispoñerá dos informes con tempo suficiente. Por outra banda, e por que ten que ver moi directamente co seguimento, comunica que, segundo todas as informacións tanto das axencias de calidade como da Xunta, está próximo a saír un RD polo que se prorrogarán dous anos os prazos para a renovación das acreditacións dos títulos, polo que todos os títulos que este ano se tiñan que someter a este proceso (bastantes máster) farano dous anos máis tarde. Parece ser que haberá un proxecto piloto polo que renovarán a súa acreditación algunhas titulacións, pero aínda non se coñecen detalles dese proceso. En calquera caso, o vicerreitor di manteremos informados puntualmente aos responsables das titulacións.

Intervén o reitor para informar que respecto ao proceso de seguimento de títulos estase traballando en dúas direccións. Por unha banda, solicitando ao *Consejo de Universidades* que arbitren mecanismos para eliminar a excesiva burocracia no proceso de avaliación de calidade, que consumen tempo e recursos. Doutra banda, comunicando á ACSUG que o emprego da fórmula *Conforme* ou *Non conforme* para decidir o resultado global da avaliación do título, dá unha mensaxe equívoca; a expresión empregada para nada é indicativa do emprego de parámetros de calidade académica.

Punto 10. Aprobación, se procede, da convocatoria de axudas de extensión universitaria para o ano 2013.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Extensión Universitaria, quen expón os aspectos máis relevantes da convocatoria. Sinala, que as axudas de Extensión Universitaria deste ano inclúen, ademais de fondos para cursos e obradoiros, un máximo de 11000 euros en subvencións para accións participativas e de asociacionismo; unhas axudas coas que se busca fomentar a participación do alumnado na dinamización sociocultural dos tres campus, das que poderán beneficiarse todas as asociacións estudantís da Universidade de Vigo. No entanto, sinala que non serán beneficiarios destas axudas as asociacións nas que figuren entre os seus socios un número de estudantes da Uvigo inferior ao 50%.

Como novidades cita: que, a pesar que hai unha rebaixa no financiamento, as convocatorias de axudas á extensión universitaria adáptanse ás solicitudes que se deron nos últimos anos; que hai un erro na páxina 2 do documento, en relación ao número de alumnos por centro e a distribución de cantidades; que se establece un cómputo de validación de 30 horas por ECTS; que se intentará introducir un reparto das axudas respectando o equilibrio por ámbitos de coñecemento.

Para rematar, indica que a convocatoria que se presenta foi aprobada na Comisión de Extensión Universitaria polo que solicita a súa aprobación.

Ábrese unha quenda de intervencións.

Intervén o Sr. Jorge de los Bueis, en representación dos estudantes, para dicir que a normativa debería adaptarse nos seguintes aspectos:

- O período que establece a normativa para a celebración dos cursos (24 de xuño ao 27 de setembro) non se axusta ao novo calendario académico, xa que o segundo trimestre remata o 7 de maio. Que ao seu xuízo, no actual calendario académico hai un tempo entre a convocatoria de xuño e xullo que é estratexicamente interesante para a celebración de cursos de extensión universitaria. Ademais, os cursos que se sitúan máis cedo neste período rematan sendo penados cara os demais cursos por ter os alumnos menos tempo para descubrir a información e facer a matrícula. Nos últimos anos esta convocatoria resolveuse tarde, o que deixa aínda menos tempo de matrícula aos cursos que se celebran antes non calendario.
- Que a convocatoria dos cursos debería axustarse ás últimas tendencias en formación, contemplando e valorando a formación presencial ou semipresencial. Que non está contemplado na normativa, así como ningún outro medio ou soporte dos máis valorados na actualidade como canles válidas de formación, tales como o uso das novas tecnoloxías como ferramentas básicas na impartición de contidos (plataformas de teledocencia, redes sociais, traballo en rede).
- Que a normativa establece un mínimo de alumnos de 35, e que é excesivo. Que no curso académico 2011-2012 houbo cursos nos que non se acadaron os alumnos necesarios para a súa celebración, quedando moi cerca do mínimo, e en varios casos optouse por cancelalos e publicar outros similares noutras datas, no canto de formular aos directores unha modificación de datas.
- Que a redución da percepción económica dos directores-docentes (que non dos docentes) dos cursos penaliza ás persoas que promoven o curso e que, xa que logo, máis tempo e enerxía invisten na súa preparación.

Considera que cómpre unha renovación en profundidade desta normativa para incrementar o retorno do investimento nos cursos da convocatoria de cursos de extensión universitaria.

Responde o vicerreitor de Extensión Universitaria que lle parece razoable a proposta do calendario e que, en relación ao mínimo de alumnos matriculados para autorizar o curso, acolleuse ás propostas dos técnicos. Suxire que as iniciativas expostas se lle fagan chegar por escrito á vicerreitoría.

Apróbase por asentimento a convocatoria de axudas de extensión universitaria para o ano 2013 (**Anexo VIII**).

Punto 11. Aprobación, se procede, do Regulamento de réxime interno do Departamento de Matemáticas.

O reitor cede a palabra á secretaria xeral, quen informa que, de acordo coa información achegada, o regulamento foi aprobado polo Consello de Departamento de Matemáticas; que conta co informe favorable da Asesoría Xurídica; e que non habendo impedimento legal ningún, somete a normativa a aprobación dos membros do Consello de Goberno.

Apróbase por asentimento o Regulamento de réxime interno do Departamento de Matemáticas. (**Anexo IX**).

Punto 12. Aprobación, se procede, da proposta dos premios extraordinarios de fin de carreira, grao e doutoramento.

O reitor cédelle a palabra á secretaria xeral, quen informa que o artigo 133 dos Estatutos establece que o Consello de Goberno, a proposta dos centros, poderá outorgar anualmente premios extraordinarios de graduado ou graduada e máster universitario. Tamén dispón que o Consello de Goberno, por proposición da Comisión de Estudos de Posgrado, pode outorgar anualmente premios extraordinarios de doutoramento entre os doutores e doutoras que conseguiron no curso académico anterior a máxima cualificación posible.

Sinala que, por outra banda, a disposición transitoria cuarta establece que o Consello de Goberno, a proposta dos centros, poderá outorgar anualmente premios extraordinarios de diplomatura, arquitectura técnica e enxeñaría técnica e premios extraordinarios de licenciatura, arquitectura e enxeñaría.

De acordo co establecido nos estatutos, sométense á aprobación do Consello de Goberno dos Premios Extraordinarios de licenciatura, diplomatura, grao e doutoramento do curso 2011/2012.

Non obstante, a secretaria xeral fai advertencia de que tamén se someten á aprobación deste Consello de Goberno a concesión do premio extraordinario de fin de carreira do curso 2010/2011, da Licenciatura en Comunicación Audiovisual, que o Decanato da Facultade de CC. Sociais e Comunicación propón que se lle conceda a Dna. Noleia López Arosa. A razón da proposta é que a estudante rematou os seus estudos no curso 2010/2011, sen embargo non aparecía nas listaxes correspondentes a este curso, aparecendo na listaxe do curso académico 2011/2012.

Acórdase a aprobación de concesión do premio extraordinario de fin de carreira do curso 2010/2011 da Licenciatura en Comunicación Audiovisual a Dna. Noelia López Arosa (**Anexo X**).

A secretaria xeral di que tamén se somete á aprobación deste Consello de Goberno a concesión do premio extraordinario de doutoramento do curso 2010/2011, no ámbito Xurídico Social, ao estudante D. José Luis Diéguez Ruibal. A razón da proposta é a reclamación de dito estudante á Comisión de Estudos de Posgrao para que valorase a súa tese, lida no curso 2010/2011, e que non foi incluída na valoración por un erro de tramitación administrativa. Feita a consulta á Asesoría Xurídica encomendouse ao tribunal nomeado de elaborar a proposta de concesión de premios extraordinarios de doutoramento, correspondentes ao curso académico 2010/2011, a valoración da tese de D. José Luís Diéguez Ruibal, cos criterios de valoración establecidos para o curso 2010/2011.

Vista a valoración do tribunal, a Comisión de Estudos de Posgrao acordou propoñer que se outorgue o premio extraordinario de doutoramento do curso 2010/2011 a D. José Luis Diéguez Ruibal (**Anexo XI**).

Acórdase por asentimento a aprobación de concesión do premio extraordinario de doutoramento do curso 2010/2011 a D. José Luis Diéguez Ruibal.

Por último, apróbase por asentimento os seguintes premios extraordinarios (**Anexo XII**):

- Premios extraordinarios Fin de Carreira, ano académico 2012/2013.
- Premios extraordinarios de Grao, ano académico 2012/2013.
- Premios extraordinarios de Doutoramento, ano académico 2012/2013.

Punto 13. Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: — Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad Monteavila de Venezuela* – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e o *Colegio de Ingenieros del Perú-Consejo Departamental de Huancavelica* – Convenio entre a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Vigo para colaborar nos programas de doutoramento – Convenio de colaboración entre a Universidade de Vigo, a *Universidad de Salamanca* e a *Delft Technical University* (Países Baixos) para levar a cabo, conxuntamente, a organización e desenvolvemento das ensinanzas oficiais do programa de doutoramento Xeotecnoloxías Aplicadas á Construción, Enerxía e Industria – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad de Playa Ancha de Ciencias de la Educación* (Chile) – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad Autónoma del Estado de Hidalgo* (México) – Convenio específico de colaboración para o intercambio de estudantes entre a Universidade de Vigo e a *Universidad Autónoma del Estado de Hidalgo* (México) – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad Tecnológica Nacional, Facultad Regional Bahía Blanca* (Arxentina) – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Hochschule Bochum* (Alemaña) – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Hochschule Bochum* (Alemaña) para o intercambio de estudantes – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidade de Trás-os-Montes e Alto Douro* (Portugal) – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad de Montevideo* (Uruguai) para o intercambio de estudantes.

Intervén o Sr. Estevo Sánchez, en representación dos estudantes, para preguntar por que non se incluíu neste punto da orde do día o convenio marco asinado pola Universidade de Vigo coa empresa Mina de Corcoesto. O reitor responde que non aparece recolleito porque, entre outras razóns, a normativa reguladora para tramitación e aprobación de convenios e os estatutos precisan que os convenios, cuxa firma precisan a aprobación polo Consello de Goberno, refírense a convenios de cooperación científica con outras universidades ou institucións, excluindo as empresas.

Apróbanse os convenios por asentimento.

Punto 14. Debate e aprobación, se procede, sobre a adhesión ás propostas da Plataforma pola protección da Serra do Galiñeiro.

O reitor cede a palabra ao Sr. Federico Fernández como representante dos membros do Consello de Goberno que pediron a inclusión do punto na orde do día coas súas firmas, quen procede a dar lectura ao seguinte texto que solicite consta en acta:

“A Plataforma pola protección da Serra do Galiñeiro, composta por máis de corenta organizacións sociais de carácter deportivo, ecoloxista, veciñal, cultural etc., de todos os concellos afectados, Gondomar, Mos, Porriño e Vigo, das que citamos algunhas a modo de exemplo VERDEGAIA, AMIGOS DA TERRA, ADEGA, ASOCIACIÓN GALEGA DE APICULTURA, COMUNIDADE DE MONTES EN MAN COMÚN DE VINCIOS, MONTAÑEIROS CELTAS, CLUB DE MONTAÑA PEÑA TREVINCA, FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO, está a traballar para a conservación deste espazo xeográfico de grande interese natural ante a instalación dun parque eólico de 13 muíños (virandelos en certa fala popular), cadanseu de 3 Mw de potencia, e a ameaza de explotación dunha mina a ceo aberto para investigación de terras raras. O impacto medioambiental inherente a estas actuacións en calquera lugar, e máis en concreto na Serra do Galiñeiro, terá consecuencias negativas tanto na propia Serra como na contorna.

Tense pedido a inclusión da Serra do Galiñeiro na Rede Natura e mesmo se ten pedido á Unión Europea que se declare, e está admitido a trámite, como Lugar de Interese Comunitario (LIC). É tal este traballo de consideración para a Serra do Galiñeiro que a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas dedica uns fondos europeos para a redacción dun Plan de ordenación dos recursos naturais (PORN) para a ampliación do parque natural do Monte Aloia (Parque Natural e Red Natura 2000) contemplando a Serra do Galiñeiro.

O Campus de Lagoas-Marcosende da Universidade de Vigo está situado a carón da Serra do Galiñeiro e somos un elemento máis da contorna coas súas influencias sociais, culturais económicas e deportivas. A actividade académica e investigadora ten aí un filón para o desenvolvemento das súas prácticas de campo, e mesmo como laboratorio de investigación a ceo aberto no eido da Arqueoloxía, Etnoloxía, Patrimonio, Fauna, Flora, Xeoloxía, Deporte, ...que permitirán un uso racional e sostible do Galiñeiro.

Xa os Concellos de Gondomar, Mos, O Porriño e Vigo se teñen manifestado en contra desta actuación na Serra do Galiñeiro así como a prol da súa inclusión na rede Natura.

É por isto que a nosa universidade, que se asoma a diario ao balcón da Serra do Galiñeiro ten que facer da mesma un obxecto permanente dos seus estudos e non pode permanecer allea a estas ameazas debendo incardinarse coa sociedade que a rodea e sustenta, mediante pronunciamento deste Consello de Goberno, como mellor considere, aprobando os seguintes acordos:

- Rexeitar o proxecto de parque eólico e a posible autorización de explotación de “terras raras”.
- Instar á Xunta de Galicia a que declare a Serra do Galiñeiro como espazo protexido”.

Terminada a lectura, intervén o reitor para dicir que o acordo adoptado debe ter un contido máis académico. Manifesta que a zona onde se pretende instalar a explotación industrial é un laboratorio ao descuberto; que na Uvigo foron recibidas as peticións para que sexa declarado lugar de interese comunitario (LIC); considera que se debe apoiar a petición porque a instalación industrial do parque eólico é incompatible coa contorna do Parque Natural Monte Aloia. En consecuencia, o reitor propón que se adopte o seguinte acordo:

Aprobación da adhesión ás propostas da Plataforma pola protección da Serra do Galiñeiro e o rexeitamento á instalación do parque eólico na contorna do Parque Natural Monte Aloia e Serra do Galiñeiro.

Apróbase por asentimento.

Punto 15. Rogos e preguntas.

Intervén o Sr. Estevo Sánchez, en representación dos alumnos, para preguntar polas razóns que levaron a asinar o convenio coa Mina de Corcoesto.

Responde o reitor que a iniciativa non partiu da Universidade, senón que está promovido por un grupo de investigadores do Departamento de Enxeñaría dos Recursos Naturais e Medio Ambiente. Foi a empresa encargada da explotación do xacemento, Mineira de Corcoesto, a que se puxo en contacto directamente cos investigadores; que non se pode utilizar esa relación de servizos para dicir que a Universidade de Vigo como institución apoia a iniciativa da explotación mineira. De seguir empregando o nome da Universidade procederíase a denunciar o convenio marco.

Intervén o Prof. Pedro Arias para dicir que a Escola de Minas non asinou ningún convenio; que, en todo caso, son os profesores do Departamento de Enxeñaría e Recursos Naturais os que procederon á firma no marco do artigo 83 da Lei Orgánica de Universidades (LOU).

Intervén Dna. Rocío Barreiro, en representación dos estudantes, para solicitar a retirada do grao de Doutor Honoris Causa a D. Xullo Fernández Gayoso, ex director de Novacaixa Galicia. Responde o reitor que se farán as consultas correspondentes.

Intervén o Prof. Rodríguez Berrocal para solicitar información sobre as axudas a Grupos de Referencia Consolidados da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da convocatoria 2011. Di que estas axudas, de 3 anos de duración como máximo, están suxeitas á obtención dun informe favorable para a concesión do terceiro ano de subvención. Pregunta cal é a previsión en relación coa dotación da terceira anualidade, que aínda está pendente.

Responde a vicerreitora de Investigación que, tal e como se fixo en anos anteriores, non é posible dotar esa terceira anualidade ata que non se reciban por parte da Consellería comunicación de que os informes técnicos correspondentes foron avaliados favorablemente. Engade, que se está presionando á Consellería para que estes informes sexan enviados canto antes, o que permitiría a dotación inmediata das anualidades.

Novamente, intervén o Prof. Rodríguez Berrocal para preguntar cal é a actuación prevista en relación cos contratos-programa de I+D cos grupos de investigación; unha ferramenta que considera de gran utilidade e interese para os investigadores, e cuxa vixencia, segundo a normativa actualmente dispoñible, termina en 2013.

Responde a vicerreitora de Investigación que coincide na valoración positiva destes contratos-programa; e indica que se está revisando a normativa en aras de clarificar ao máximo as condicións e establecer o marco de actuación adaptado á conxuntura económica actual, estando prevista a súa presentación no próximo Consello de Goberno.

Intervén Diego Vázquez Vázquez, en representación dos estudantes, para solicitar a apertura das bibliotecas polas noites e que se limite o acceso aos estudantes da Uvigo.

Responde o vicerreitor de Economía e Planificación que facemos o esforzo económico que é soportable, pero que non é posible unha apertura continuada das bibliotecas; que respecto a limitar o acceso, pódese estudar adoptar algún tipo de medida.

Intervención de Señor Xan Cebro que figura no **Anexo XIII**.

Intervén o Sr. Federico Fernández dicindo que téndose convocado un paro entre as 13:00 e 17:00 horas do vindeiro 26 de febreiro nas tres universidades galegas, coincidindo coa votación dos orzamentos da Xunta de Galiza, que contempla unha importante redución no financiamento do SUG, convidamos aos membros do Consello de Goberno e ao equipo reitoral a sumarse ao paro e concentración que se fará ese día diante da Reitoría.

Respecto das axudas de custo por desprazamento, o Sr. Federico Fernández comenta que dende hai uns días, para a xente que teña un dispositivo OBE, a volta no mesmo traxecto e no mesmo día resulta gratuíto en algúns tramos da autoestrada. Pide que a Universidade estude a posibilidade de ter algún OBE a disposición de quen precise facer unha viaxe nos tramos onde se efectúe o desconto, para así aforrar os cartos de desprazamento nesa viaxe.

O Sr. Federico Fernández tamén formula a seguinte cuestión: xa que aos deputados do Parlamento Galego lle pagan 0,26 € por quilómetro e na universidade pagan 0,19 €, solicita que se abonen igual que aos parlamentarios galegos.



E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 14:06 horas do día 21 de febreiro de 2013 da que eu como Secretaria Xeral dou fe co visto e prace do Reitor.

O Reitor




Salustiano Mato de la Iglesia

A Secretaria Xeral

M^a Inmaculada Valeije Alvarez